

C. NATURAIS: TEMA 4: A SAÚDE

SOLUCIÓN DE “TRABALLA CO ESQUEMA”

Páx.77

Resposta tipo (quere decir que non ten porque ser igual, podedes dicir máis ou menos o mesmo pero coas vosas palabras.

23. Os factores que inflúen na saúde son o contorno, o estilo de vida, as características persoais e o acceso á asistencia sanitaria.

A saúde depende de múltiples factores.O noso estilo de vida é fundamental, por iso debemos seguir uns hábitos saudables en relación á alimentación, á actividade física e á hixiene e limpeza.

Tamén é importante relacionarse cós demais, acudir a revisións médicas periodicamente, cumprir o calendario de vacinacións establecido, ter acceso a unha asistencia sanitaria que trate as nosas enfermidades, previr accidentes e evitar os factores de risco e as adiccións.

24. Resposta tipo

Por exemplo as relacións sociais son fundamentais a calquera idade.Ter amigos, conservalos, aceptarnos como somos e convivir cos que nos rodean fainos sentir ben e favorece a nosa saúde.

25. En causantes de enfermidades infecciosas.

26. Resposta tipo

As vacinas serviron para erradicar enfermidades e preveñen numerosas enfermidades infecciosas.

As técnicas diagnósticas, como as análises clínicas, as radiografías, as ecografías ou os escáneres, permiten diagnosticar enfermidades para poder tratalas con eficacia.

As medicinas, como os antibióticos ou os antitérmicos, axudan a curar ou a aliviar os síntomas de moitas enfermidades.

As técnicas cirúrxicas, como a anestesia, a ciruxía con láser, os transplantes ou os implantes, supuxeron un grande avance no tratamento dalgunhas enfermidades, etc.